



**María Pilar Alén**

**María Pilar Alén (Oza-Teo, 1961)** é licenciada en Historia da Arte e en Musicoloxía. Doutorouse coa tese “El compositor italiano Buono Chiodi y su magisterio en Santiago de Compostela”. En 1985 incorporouse ao Departamento de Historia da Arte da USC, centrando o seu labor docente e investigador na música nas catedrais, nas relacións musicais hispano-italianas, nos aspectos sociais da música e, de modo especial, na historia da música galega. As súas achegas á música de Galicia abranguen diversos campos (historiografía, bio-bibliografía, relacións con outras culturas). Dirixiu cursos e festivais de música antiga e promoveu actividades musicais da USC, Xunta de Galicia, Auditorio de Galicia e outras institucións e asociacións. É autora de *La Música en la Catedral de Santiago de Compostela. Apogeo y renovación de una etapa privilegiada (1770-1808)* (1995), *Historia da Música Galega. Cantos, cantigas e cánticos* (1997); *Breve historia da música galega* (2004); *Historia da música galega. Notas do século XIX* (2009), e de múltiples traballos editados en revistas especializadas, dicionarios e enciclopedias nacionais e estranxeiras.

**Luís Alonso Girgado (Ferrol, 1946)** é licenciado en Filosofía e Letras (Sección de Filoloxía Románica) pola USC. Catedrático de Lingua e Literatura españolas de Ensino Medio en situación de xubilado e colaborador de prensa en *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Córdoba*, *El Progreso* etc. No ámbito da literatura galega traballou sobre Ánxel Fole, Amado Carballo, Rosalía de Castro, Montenegro Saavedra, o Paí Rubinos, Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez e outros. No terreo da literatura castelá fixo estudos sobre Borges, García Márquez, Manuel Andújar, Bioy Casares etc. En 1994 entra a traballar como investigador no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) da Xunta de Galicia, onde funda e dirixe a colección de ensaio curto *Cadernos Ramón Piñeiro* que está a piques de chegar aos cincuenta números. É responsable de numerosas edicións facsimilares de xornais e revistas voceiras de centros e lares galegos do alén mar, especialmente de Cuba e da Arxentina. Dirixe tamén, en colaboración con numerosos investigadores en formación do CRPIH, edicións de revistas poéticas galegas (*Alba*, *Aturuxo*, *Posío*, *Xistral*, *Resol...*) dos anos da República e da posguerra. Na actualidade é colaborador externo do CRPIH e dalgúns medios de prensa galegos.



**Luís Alonso Girgado**



### **Ildelfonso de la Campa Montenegro**

“Estudio comparado de los ciclos migratorios a América y Europa” (1987), “Políticas de actuación con segundas y terceras generaciones de residentes ausentes” (1989), “A Emigración galega na América e Europa. Estudio Comparado” (1990) ou “Os desaparecidos de orixe galega na República Argentina: 1976-1982” (1992), entre outras.

**Ildelfonso de la Campa Montenegro (Vigo, 1967)** cursou estudos na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Ocupou o cargo de asesor da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas para incorporarse logo á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta como asesor de protocolo, relacións públicas e acción exterior, encargado da planificación e coordinación de axenda con institucións e organizacións internacionais. Posteriormente, exerceu labores de xefe de Gabinete na extinta Consellería de Emigración, Inmigración e Cooperación Exterior e na Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia. Tamén foi director xerente da Fundación Pública Galega ‘Axencia Humanitaria de Galicia’, encargada de coordinar a resposta da administración pública galega e dos servizos de emerxencia de Galicia en catástrofes humanitarias no estranxeiro. Traballou na empresa privada como director xeral en dúas empresas especializadas na planificación, xestión e seguimento de proxectos estratéxicos en diferentes sectores produtivos. Ocupou o cargo de Director Xeral de Migracións na Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración, dependente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e Director de Administración e Relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

É autor de diferentes publicacións no ámbito das migracións e dos dereitos humanos, entre as que destacan

**Carmen Franco (Santiago de Compostela, 1958)** é doutora en Belas Artes e licenciada en Xeografía e Historia. Exerce como profesora titular na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e imparte docencia de Educación Artística nos graos de Mestre na Facultade de Ciencias da Educación. É investigadora principal do Grupo de Investigación LITER21 e investigadora do Instituto de Ciencias da Educación da USC. Pertence a distintas asociacións como Rede Ibero Americana de Educación Artística (RIAEA), Grupo de Intervención Artística C3, Rede temática de investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI) e ICOM (International Council of Museums). Autora de artigos sobre educación artística, perspectiva de xénero e ilustración na literatura infantil e xuvenil.



**Carmen Franco**



**José Manuel García Iglesias**

**José Manuel García Iglesias (Santiago de Compostela, 1950)** é profesor da USC desde 1974 e, a partir de 1986, catedrático de Historia da Arte. Na actualidade, é profesor emérito. Conta con seis sexenios de investigación. No ámbito dos proxectos expositivos, estivo á fronte de “Galicia no tempo” (1990-1991), “Galaecia Fulget” (1995-1996), “Galicia, Terra Única” (1997), Xacobeo 99 e Xacobeo 2004. Actualmente ocúpase da posta en marcha do Museo Virtual da USC. Entre os seus libros cabe citar *El pintor de Banga* (1983), *La Pintura Manierista en Galicia* (1986), *Pazos de Galicia* (1989), *A Catedral de Santiago e o Barroco* (1990), *Galicia, tiempos de Barroco* (1990), *El Barroco* (I). *La época. Los patrocinadores. Arquitectos del siglo XVII* (1993), *El Barroco* (II). *Arquitectos del siglo XVIII. Otras actividades artísticas* (1993), *Camino de Santiago. Patrimonio Mundial* (2004), *Santiagos de Santiago* (2011), *Secretos de Catedral* (2013), *Santa Baia de Banga* (2015), *Minerva, la diosa de Compostela. Espacios y obras a relacionar con el saber* (2016) ou *El franciscanismo en Galicia. Ayer y hoy de su Patrimonio Artístico* (2019).

**María Pilar García Negro (Lugo, 1953)** é profesora honoraria da Universidade da Coruña e da Universidade Senior desde 2016. As súas publicacións refírense fundamentalmente á sociolingüística, a lingua e a literatura galegas, con atención a autores como Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Castelao, Ramón Vilar Ponte, Ricardo Carvalho Calero, Manuel María, Uxío Novoneyra ou Marica Campo. Polo seu labor como investigadora e ensaísta recibiu diversas distincións, entre elas o Premio Escritora na súa Terra da Asociación de Escritores en Lingua Galega ou o Premio de Ensaio Vicente Risco. Durante case tres lustros foi deputada do Parlamento de Galicia (1989-2003), onde promoveu a creación da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres (1994). É colaboradora habitual de prensa galega. O seu ensaio máis recente é *Ricardo Carvalho Calero. Escritor e profesor, galego cabal* (2020).



**María Pilar García Negro**



**Ana Garrido González**

**Ana Garrido González (Vigo, 1980)** é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora en Literatura pola Universidade de Varsovia, onde traballa na actualidade como profesora adxunta no Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos. Como investigadora foi coordinadora de varios volumes colectivos e monográficos, entre outros, *Escribir como mujer: ¿hacia una reescritura de la autoría?* (2017) e *Identidade(s) e xénero(s) na cultura galega: unha achega interdisciplinar* (2018). Tamén publicou numerosos artigos académicos sobre literatura e emigración, estudos de xénero e narrativa peninsular contemporánea en revistas como *Madrygal*, *Itinerarios*, *Galicia XXI*, *Abriu...* Como tradutora, trasladou ao galego *A alma perdida* de Olga Tokarczuk e Joanna Concejo. Ademais, é membro dos grupos de investigación “Género, Identidad y Discurso en España y América Latina” (GENIA) e “(otra)Iberia, otras representaciones, culturas e identidades en la Península Ibérica”. Desde 2019 é secretaria da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG).

**Ramón Mariño Paz (Balbargos-Noia, 1962)** é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela e investigador do Instituto da Lingua Galega. Os seus primeiros pasos no mundo da investigación deunos no campo da lexicografía, mais desde os tempos da elaboración da súa tese de doutoramento as súas pescudas orientáronse principalmente cara á historia social da lingua galega, a historia do galego escrito, a recuperación de textos dos Séculos Escuros e de principios do XIX e a fonética, a fonoloxía e a morfoloxía históricas da lingua galega. Os resultados deste traballo presentounos en revistas científicas, en volumes colectivos, en congresos nacionais e internacionais e en libros como *Historia da lingua galega* (1998), *Eladio Rodríguez e a cultura galega* (2001), *A lingua galega no limiar da súa renacemento* (2003), *Historia de la lengua gallega* (2008), *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* (2008) ou *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega* (2017).



**Ramón Mariño Paz**



**Fernando Redondo Neira**

**Fernando Redondo Neira (Camporrapado, Boqueixón, 1971)** é licenciado en Ciencias da Información pola Universidade do País Vasco (UPV) e doutor pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Profesor da área de Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Autor dos libros *Carlos Velo. Itinerarios do documental nos anos trinta* (2004), *Os amorados de Bergman* (Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2018) e coautor de *Galicia en NO-DO: comunicación, cultura y sociedad* (2016). Participou nos tres volumes colectivos da serie *Para unha historia do cinema en lingua galega* (2018), coordinados por Margarita Ledo Andión. Publicou artigos sobre cine e comunicación en revistas como *Estudios sobre el Menaje Periodístico* ou *ZER. Revista de Estudios de Comunicación*. Foi galardoado co Premio María Luz Morales de Ensaos Cinematográficos e o Premio Manuel Reimóndez Portela de Xornalismo. Membro da Asociación Española de Historiadores do Cine (AEHC), da Asociación Galega de Investigadoras e Investigadores da Comunicación (AGACOM) e do Centro de Estudos Fílmicos da Universidade de Santiago (CEFILMUS).

**Armando Requeixo (Mondoñedo, Galiza, 1971)** é crítico literario e investigador. Profesor na Universidade de Santiago de Compostela e secretario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia. Como ensaísta e estudoso ten publicado numerosas monografías e edicións de autores clásicos da literatura galega do século XX. Tradutor, colaborador de prensa e radio, coordinador de Publicacións e Actividades da Casa-Museo Álvaro Cunqueiro e secretario do *Boletín Galego de Literatura*, é ademais responsable de Elos. Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil e membro da Rede “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”. Polo seu labor ten recibido diferentes distincións, entre as que salientan o Premio Xerais á Cooperación Editorial 2004, o Premio Literario Ánxel Fole 2010 ou o Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela 2017.



**Armando Requeixo**



**Claudio Rodríguez Fer**

**Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956)** é autor de poesía, narrativa, teatro e ensaio. Doutorouse con “A literatura galega durante a guerra civil” e dedicou unha triloxía poética á memoria histórica *Lugo blues* (1987), *A loita continúa* (2004) e *Ámote vermella* (2009). Dirixe a Cátedra Valente de Poesía e Estética e codirixe a revista *Moenia* da Universidade de Santiago de Compostela. Exerceu en universidades de Nova York, París e Bretaña (onde é Doutor Honoris Causa). Coordina os cadernos *Unión Libre* e publicou, ensinou, disertou e recitou en Europa, América e África. É autor de ensaios como *Poesía galega* (1989) e de libros e edicións sobre Dostoievski, Antonio Machado, Borges, Valente e moi numerosos escritores en galego, como Castelao, Dieste, Pimentel, Fole, Ángel Johan e Carballo Calero. Cultivou a poesía erótica dende *Poemas de amor sen morte* (1979) a *A muller sinfonía* (2018), pasando por *Tigres de ternura* (Premio da Crítica Española, 1981), *Historia da lúa* (1984), *A boca violeta* (1987) e *Cebra* (1991). Reuniu a súa lírica en *Amores e clamores* (2011) e a súa narrativa en *Contos e descontos* (2011), así como a poesía visual en *Cinepoemas* (1983) e a obxectual en *Corpoética* (2018). Fóra de Galicia escribiu os poemarios *Extrema Europa* (1996), *A unha muller descoñecida* (1997), *Viaxes a ti* (2006) e *Unha tempada no paraíso* (2010). Está traducido a numerosos idiomas e o seu poema “A cabeleira” publicouse en 65 linguas dos cinco continentes.

**Francisco Singul (Vilagarcía de Arousa, 1963)** é historiador da Arte e da Cultura, especialista no Camiño de Santiago e comisario de exposicións internacionais. Xefe de Área de Cultura Xacobeo da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo (Turismo de Galicia, Xunta de Galicia) é autor de numerosos artigos en revistas especializadas e congresos internacionais, ademais de varios libros sobre a historia e cultura da peregrinación a Santiago de Compostela, como por exemplo *Historia Cultural do Camiño de Santiago* (1999), *Cammino di Santiago. Cultura e pensiero* (2009) ou o máis recente *Camino que vence al tiempo, la peregrinación a Compostela* (2020).



**Francisco Singul**



**Malores Villanueva**

**Malores Villanueva (A Xesteira-Cotobade, 1982)** é profesora, tradutora, editora, crítica literaria e doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese “A Editorial Galaxia: proxecto e traxectoria 1950-1963”. É autora dos libros *Lingua e sociedade, a aldea da Xesteira* (2006) e *A lingua galega entre 1963 e 1975. Situación social e discursos dende o galeguismo* (2010), gañadores do Premio Antón Fraguas de Investigación e do Premio novos investigadores. En 2019 deu ao prelo a biografía *Antonio Fraguas, mestre da memoria*. Ten publicados artigos en volumes colectivos e en revistas especializadas. Como crítica literaria, ademais de recensións en diferentes revistas, participou semanalmente no programa Chamando á terra da Radio Galega e colabora no suplemento cultural Fugas, de *La Voz de Galicia*. Foi directora de edición e comunicación da Editorial Galaxia e, actualmente, é Padroeira da Fundación Penzol, da Fundación Premios da Crítica e forma parte do Consello Social da Lingua do Concello de Vigo.

**Prudencio Viveiro Mogo (O Valadouro, 1974)** é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e técnico superior de xestión documental do Arquivo da Emigración Galega (Consello da Cultura Galega). No eido dos estudos migratorios é autor dos seguintes traballos “La reivindicación de Galicia en la República Argentina: algunas notas sobre la movilización política de los emigrantes gallegos (1890-1936)” (2010), “O Valadouro en Cuba: a sociedade *El Valle de Oro* da Habana” (2013), “*No quise dar un viaxe tan largo para tan poca aventura. Memoria do emigrante Joaquín Díaz Villar*” (2016), “A prensa e a edición de libros na emigración galega en América. Apuntamentos para a súa historia” (2016) e “Tender puentes, acortar distancias: prensa y periodistas en la emigración gallega en Cuba y Argentina” (2019).



**Prudencio Viveiro Mogo**